

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín II	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Latín II é unha materia troncal de modalidade que ten unha grande importancia para o alumnado que a cursa, xa que puntúa tanto na parte xeral como na específica das probas de ABAU. Esta é a razón pola que no deseño desta programación se tivo moito en conta tanto os contidos como os criterios de avaliación establecidos polo Grupo de Traballo de Latín da CiUG. Procédese seguidamente a comentar algúns aspectos que parecen salientables.

- Unidades didácticas (UD). Optouse por unha distribución de contidos na que se agrupa en UD independentes toda a materia referente á literatura latina e á pervivencia da lingua latina, estando secuenciadas para seren tratadas durante todo o curso. Faise así para que a cualificación obtida nestes apartados, aos que se asigna un peso do 20 % respectivamente, poidan ser ponderados con precisión na fórmula que se propón para establecer a cualificación final. Introdúciuse tamén unha UD3, baixo o título "Legado de Roma", na que se recollen criterios de avaliación (CA) e contidos establecidos no currículo, que poden ser tamén organizados e distribuídos doutra forma. Neste caso, pareceu oportuno concibir esta unidade como unha especie de proxecto ou traballo práctico no que o alumnado teña que desenvolver e traballar contidos da materia dun modo moito autónomo, potenciando así aspectos como a iniciativa persoal, a planificación autónoma, a curiosidade e a capacidade de aprender a aprender. Finalmente os contidos de natureza lingüística, que se consideran o núcleo da materia, ocupan o 70 % das UD da programación. Tratouse de que a distribución de contidos nestas fose aberto, deixando unha última UD dedicada exclusivamente a textos por ser moi frecuente que a partir de determinado momento do curso todo o traballo de aula se centre nestes.

- Criterios de avaliación. Cada vez máis se está a insistir na necesidade de que os criterios de avaliación sexan claros e perfectamente axustados á normativa vixente, establecéndose pesos concretos para UD e avaliacións. En materias como Latín II, na que se entrecruzan contidos que esixen unha avaliación progresiva con outros que non admiten este sistema de avaliación, a configuración dunha fórmula final que se axuste perfectamente a isto pode non ser algo fácil. Para a determinación das cualificacións nesta programación propónse distinguir entre as cualificacións de avaliación e a cualificación final ordinaria. As cualificacións de avaliación veñen determinadas nesta proposta polas cualificacións obtidas nas probas correspondentes ás UD 4 a 10. Así pois, a cualificación da 3.ª avaliación será o resultado da aplicación dunha fórmula na que soamente se terán en conta os resultados obtidos nesta parte da materia (isto independentemente de que a cualificación da 3.ª avaliación se recolla ou non no boletín). Mais isto soamente reflicte o resultado obtido no apartado relativo aos contidos lingüísticos da materia. É por iso que para determinar a cualificación final hai que ter en conta os resultados obtidos nas UD1, 2 e 3 respectivamente, dando así lugar a unha fórmula que recolle con total precisión a ponderación establecida para as distintas UD ou agrupacións delas. Haberá quen prefira agrupar estes contidos en UD diferenciadas que se teñan en conta para o establecemento da cualificación de avaliación, mais isto pode complicar especialmente as cualificacións de recuperacións, etc.

- Finalmente, no que atinxe á ponderación dos distintos contidos tomouse como referencia os criterios de avaliación establecidos polo Grupo de Traballo de Latín da CiUG. Isto, como todo nesta programación, pode ser modificado en función dos criterios de cada unha das persoas docentes.

- Metodoloxía. As pautas metodolóxicas que se dan nesta programación son en grande medida froito da experiencia docente particular e vinculadas a un modo de organización da materia moi determinado. Hai que mencionar a diferenciación de metodoloxía segundo se traballa a lingua latina seguindo o método tradicional e métodos activos. A actual configuración da proba da ABAU adáptase moito mellor ao primeiro ca aos últimos. O profesorado que traballa con métodos activos en Latín de 4.º de ESO ou Latín I de 1.º de bacharelato adoita comentar a grande dificultade que lle supón manter esta metodoloxía en Latín II de 2.º, sendo o resultado práctico unha transición ou retorno á metodoloxía tradicional antes ou despois neste curso. Son dúas as posibles vías polas que se podería revertir esta situación. Por unha banda, mediante a modificación da propia proba de ABAU, introducindo, por exemplo, preguntas de comprensión sobre os textos. Pola outra, mediante a elaboración de materiais específicos a partir dos autores de referencia para a proba de ABAU por parte do profesorado. Esta segunda é a opción que se considera e recomenda nesta programación, a pesar de que se recoñece que o traballo que isto implica é moito.

- Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros. A experiencia docente propia di que este método é moi recomendable dado que dá ao profesorado dun modo rápido unha radiografía xeral da percepción que o alumnado ten dos aspectos considerados na enquisa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A literatura latina. Introducción. Épica. Lírica. Historiografía. Teatro. Oratoria.	UD ampla na que se concentran todos os contidos de literatura e que se distribúe ao longo do curso. Despois de facer unha introdución xeral á literatura latina (trazos que a individualizan fronte a outras literaturas, grandes etapas, xéneros e autores), pásase ao tratamento duns xéneros e autores que se recomenda coincidan cos que serán obxecto de exame na proba de acceso á universidade.	20	12	X	X	X
2	Pervivencia da lingua latina.	Nesta UD hanse tratar con especial atención tres aspectos da materia: 1. Os prefixos e sufixos de orixe latina máis frecuentes e productivos nas linguas de repertorio do alumnado. 2. Os latinismos e aforismos de uso máis frecuente. 3. Toponimia galega. Aspectos xerais e particularidade da toponimia galega con exemplos concretos.	20	12	X	X	X
3	Gramática e textos I. Repaso gramática de 1.º de bac. Afondamento no uso dos casos; morfoloxía verbal.	Nesta UD o que se procura é un repaso rápido da morfoloxía nominal e pronominal tratada en 1.º de bacharelato e, por extensión, as oracións de relativo e os nexos de coordinación e subordinación máis comúns. Nesta UD o que se procura é un repaso rápido da morfoloxía verbal vista en 1.º de bacharelato. Nesta UD hanse explicar os contidos de morfoloxía nominal e pronominal non tratados en 1.º de bacharelato e que se consideren precisos para poder abordar os textos de 2.º. Nesta UD hanse rematar o estudo das formas persoais do verbo latino. Normalmente isto comprenderá a explicación dos tempos de indicativo non traballados en 1.º e, sobre todo, o modo subxuntivo. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	10	32	X		
4	Gramática e textos II. Morfoloxía verbal. Formas non persoais do verbo. Nexos de coordinación e subordinación.	Nesta unidade hanse tratar con detalle tanto a morfoloxía como, especialmente, os usos das formas non persoais do verbo latino precisas para abordar os textos de 2.º de bacharelato. Nesta unidade hanse tratar os nexos de coordinación e subordinación non tratados en 1.º de bacharelato, que se consideren precisos para abordar os textos de 2.º de	15	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Gramática e textos II. Morfoloxía verbal. Formas non persoais do verbo. Nexos de coordinación e subordinación.	bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	15	30		X	
5	Textos III.	Nesta unidade didáctica hanse tratar textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	35	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A literatura latina. Introducción. Épica. Lírica. Historiografía. Teatro. Oratoria.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crea textos individuais con intención literaria e conciencia de estilo, tomando como modelo textos literarios latinos.	PE	100
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen espertar o espírito crítico, mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpreta textos e fragmentos literarios sobre modelos dados na aula.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.	Explica os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras literarias latinas.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina e cuxa aprendizaxe combina coñecementos léxicos e culturais, en textos de diferentes formatos.	Identifica palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Recoñece a pegada da tradición literaria latina na súa contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Recoñece aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico.		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar o legado inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración.		
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Estuda o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización latina.		
CA4.4 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Recoñece a pegada da romanización e o legado romano na contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- A lingua latina como principal vía de transmisión do mundo clásico.</li> <li>- Etapas e vías de transmisión da literatura latina. A transmisión textual latina como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos.</li> <li>- Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios latinos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O dereito romano e a súa importancia no sistema xurídico actual.</li> <li>- A importancia do discurso público para a vida política e social. A oratoria e as novas tecnoloxías.</li> <li>- Técnicas de debate e de exposición oral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Pervivencia da lingua latina.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduco o significado etimolóxico e infire o significado de termos aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos.	PE	100
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos en toponimia, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.		
CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explica a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina.		
CA2.4 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Analiza prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino.</li> <li>- Léxico:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.</li> </ul> </li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.</li> <li>- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Gramática e textos I. Repaso gramática de 1.º de bac. Afondamento no uso dos casos; morfoloxía verbal.	32

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas de textos adaptados e/ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando unidades lingüísticas regulares da lingua.	PE	100
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual.		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda as propias traducións, realizando propostas de mellora.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada con corrección fonética (le correctamente as letras e dígrafos) e prosódica (acentúa corectamente).		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extrae as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planifica e participa, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo.		
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron desde o latín ata a lingua de ensino.		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analiza, interpreta e comenta textos literarios de diversa índole de crecente complexidade, a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Gramática e textos II. Morfoloxía verbal. Formas non persoais do verbo. Nexos de coordinación e subordinación.	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas de textos adaptados e/ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando unidades lingüísticas regulares da lingua.	PE	100
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual.		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda as propias traducións, realizando propostas de mellora.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada con corrección fonética (le correctamente as letras e dígrafos) e prosódica (acentúa corectamente).		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extrae por escrito, de poder ser, en latín as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planifica e participa, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo.		
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron desde o latín ata a lingua de ensino.		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analiza, interpreta e comenta textos literarios de diversa índole de crecente complexidade, a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Textos III.	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas de textos adaptados e/ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando unidades lingüísticas regulares da lingua.	PE	100
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual.		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda as propias traducións, realizando propostas de mellora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada con corrección fonética (le correctamente as letras e dígrafos) e prosódica (acentúa corectamente).		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extrae por escrito, de poder ser, en latín as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planifica e participa, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo.		
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron desde o latín ata a lingua de ensino.		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analiza, interpreta e comenta textos literarios de diversa índole de crecente complexidade, a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero,</li> </ul>

## Contidos

- peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### INTRODUCCIÓN

- Como acontece na materia de Latín en todos os cursos nos que se imparte, as metodoloxía a empregar é ou pode ser distinta en función da natureza dos contidos.

#### Contidos de literatura latina (UD1)

- Para abordar este eido da materia recoméndase a seguinte liña de traballo.
  - A persoa docente procederá a facer unha presentación introdutoria de cada un dos xéneros e autores na aula, con especial referencia ao material de traballo e estudo do alumnado. As persoas discentes deberán desenvolver, de modo guiado (a poder ser a través da aula virtual) e dentro dun prazo determinado de tempo, unha lectura reflexiva do material de estudo, composto tanto por material teórico como por unha selecta de textos exemplificativos. Unha vez lido o material de estudo farase unha posta en común, á que se dedicará unha sesión, para resolver dúbidas e/ou afondar nos xéneros e autores. Unha vez feita a posta en común a materia será avaliada mediante unha proba escrita.
  - A metodoloxía de traballo proposta para esta UD achégase moito á da clase invertida ou flipped-classroom. Por tanto, para que teña éxito, é imprescindible que o alumnado se comprometa dun xeito efectivo.

#### Contidos de pervivencia da lingua (UD2)

- Para abordar este eido da materia propónse a seguinte liña de traballo.
  - Nesta UD agrúpanse tres núcleos de contidos diferenciados e directamente vinculados á proba de ABAU, nomeadamente, composición de palabras (en particular valor de prefixos de orixe latina), aforismos de orixe latina e toponimia. Para o tratamento de cada un destes apartados propónse unha metodoloxía moi semellante á descrita no apartado anterior. A persoa docente procederá a facer unha sesión introdutoria na que explique aqueles aspectos

máis salientables da materia concreta, dea as instrucións de estudo e o material para que o alumnado desenvolva o seu traballo (que normalmente estará na aula virtual). Despois darase un prazo de tempo para o que o alumando leve a cabo unha lectura reflexiva do material, para pasar, finalmente, a unha poste en común na que a persoa docente aclarará as dúbidas ou afondará naqueles aspectos que demande o alumnado. Rematada a posta en común, a materia será avaliada.

Contidos lingüísticos (UD3 a UD5)

- Para abordar este eido da materia propóñense as seguintes liñas de traballo.

- a) Método tradicional. A persoa docente pode comezar o tratamento deste apartado da materia mediante un repaso da gramática tratada en 1.º de bacharelato, para despois pasar a explicar os contidos de gramática correspondente a 2.º de bacharelato. Normalmente a metodoloxía empregada será a tradicional baseada en explicacións teóricas que se apoiarán en exercicios de práctica, recoñecemento e consolidación dos contidos tratados. Unha vez rematado a explicación dos contidos gramaticais, pódese pasar á tradución de textos. Nesta parte da materia o alumnado procede a traducir, con axuda dun dicionario, textos dun ou máis autores, normalmente coincidentes cos que serán obxecto de exame na ABAU. Nesta parte da materia é o alumnado o que debe traducir, ben na casa, ben na aula, e xustificar a súa tradución, normalmente media a análise morfolóxica e sintáctica sistemática do texto obxecto de traballo. Normalmente esta fase da materia adoita desenvolverse en formato de traballo en grande grupo, incentivándose a colaboración e participación de todo o grupo.

- b) Métodos activos. En 2.º de bacharelato, por razóns de tempo, é conveniente introducir certas modificacións na metodoloxía e, sobre todo, nos materias de traballo do profesorado que segue estes métodos. En primeiro lugar, a persoa docente debe comezar cun repaso da gramática traballada en 1.º de bacharelato. Para a explicación dos novos contidos de gramática, propónse que se explique primeiro os contidos gramaticais (normalmente nos métodos activos o repaso ou sistematización gramatical faise ao final) que serán traballados mediante textos seguindo, por exemplo, esta secuencia: lectura en voz alta, comprobación de comprensión mediante preguntas (orais e ou escritas) en latín, aclaración de vocabulario (a poder ser mediante sinónimos ou construcións semellantes en latín xa coñecidas polo alumnado), realización de exercicios sobre o texto nos que se practique a gramática da UD. Finalmente, este curso, é altamente recomendable que se remate o traballo cun exercicio de tradución do texto ou textos traballados para cada UD, sen axuda do dicionario. Para gañar en eficiencia, recoméndese que os textos de traballo sexan textos adaptados da selecta ou selectas dos autores que serán obxecto de exame na ABAU. Faise esta recomendación para que o alumnado se familiarice dende o principio co tema e, especialmente, co vocabulario de máis frecuencia nestes autores. Dado que a utilización desta metodoloxía normalmente precisa de máis tempo no tratamento de cada unha das unidades didácticas, parece conveniente limitar os contidos gramaticais a aqueles que aparecen nos textos dos autores de estudo, seguindo así o principio da frecuencia para seleccionar os contidos a tratar. Unha vez rematada a explicación dos contidos gramaticais, o alumnado pasará a traballar cos textos orixinais dos autores obxecto de estudo. Hai que ter en conta que a estas alturas do curso (probablemente o mes de febreiro) o alumnado está familiarizado co tema, vocabulario e expresións dos autores correspondentes, ademais moitos dos textos que vai ver serán textos que, con certas adaptacións, xa viu anteriormente, así pois o ritmo de traballo pode ser sorprendentemente rápido. Neste momento é conveniente introducir o uso do dicionario como ferramenta de apoio puntual e soamente en casos moi xustificadas. Hai que ter en conta que o alumando afeito a traballar neste método terá a estas alturas unha capacidade de comprensión directa do texto moi alta. Ademais é momento, tamén, de pedir que se fagan reflexións morfolóxicas e sintácticas de pequenas partes dos textos.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto obrigatorio.
Escolma de textos.
Resumo de gramática.
Materiais proporcionados pola CIUG
Dicionario



## Aula virtual

- Libro de texto obrigatorio. Durante as primeiras semanas de curso hase seguir a traballar co libro de texto de 1.º de bac. co obxectivo de o rematar. Isto parece conveniente por varias razóns:
  - Séguese a traballar cun método coñecido.
  - O vocabulario e temática dos temas concordan co vocabulario e temática dos textos da ABAU.
- Escolma de textos. Rematado o libro de texto, hase seguir a traballar xa cos textos que forman parte da escolma de texto da CIUG. É probable que nun principio estes textos eñan que estar adaptados.
  - Resumo de gramática. A efectos prácticos sería conveniente que o alumnado fose elaborando un resumo de gramática do que poder termar para solucionar dúbidas desta natureza cando xurdiren. Hase valorar a posibilidade de proporcionar dende o propio departamento este resumo de gramática. Cabe tamén a posibilidade de utilizar o proporcionado polo propio dicionario que, ademais, pódese levar á proba de ABAU.
- Materiais proporcionados pola CIUG.
  - Listaxes de aforismos e latinismos.
  - Listaxes de topónimos.
  - Escolma de textos.
- Dicionario.
  - O dicionario escolar de referencia é o "Dicionario Ilustrado Latino - Español Español - Latino" da editorial Vox. Existe tamén un dicionario escolar en galego, "Dicionario latín - galego" da editorial Galaxia. O dicionario será emprestado polo departamento previo depósito dunha fianza de 20€.
- Aula virtual.
  - A aula virtual de referencia para os centros públicos de Galicia é a da plataforma Moodle da que cada centro dispón. Seguindo as recomendacións da Consellería, parece conveniente que esta sexa a aula virtual de referencia da materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- INTRODUCCIÓN
  - Latín de 2.º de bacharelato é unha materia de continuidade, razón pola que normalmente o alumnado que a cursa xa é coñecido para o profesorado. Pódense, porén, producir dúas circunstancias que fan especialmente relevante neste curso a avaliación inicial (AI), por unha banda, que a persoa docente sexa de nova incorporación no centro e, pola outra, que se incorpore ao grupo alumnado que cursara Latín I noutro centro ou ben que non cursara Latín I en 1.º de bacharelato por cursar outro itinerario dentro da modalidade.
    - Ademais do dito anteriormente, para facer unha AI máis efectiva sería conveniente contactar co Departamento de Orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.
- TEMPORALIZACIÓN
  - A AI hase levar a cabo antes do remate da 4.ª semana de curso e, en todo caso, antes das reunións dos equipos educativos para a posta en común dos resultados da mesma.
- OBXECTIVOS
  - 1.º Identificar e determinar o nivel de coñecemento de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Latín I.
  - 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín II. Aínda que isto xa se fixo en 1.º, é importante volver preguntar por este aspecto dado que é moi frecuente que se produzan cambios de motivacións e/ou obxectivos que pode ser relevante coñecer.
  - 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
  - 4.º Identificar o alumnado repetidor.
- INSTRUMENTOS

- 1. Actas e memoria do departamento do curso anterior.
- 2. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados anteriormente.
- 3. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS

- Obterase da seguinte maneira:
  - 1.<sup>ª</sup> AVALIACIÓN: Resultado obtido na avaliación da UD03.
  - 2.<sup>ª</sup> AVALIACIÓN: Resultado obtido na avaliación da UD04
  - 3.<sup>ª</sup> AVALIACIÓN: Resultado obtido na avaliación da UD05.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

- A UD01 achega o 20 % da cualificación final.
- A UD02 achega o 20 % da cualificación final.
- A UD03 achega o 10 % da cualificación final.
- A UD04 achega o 15 % da cualificación final.
- A UD05 achega o 35 % da cualificación final.

Así pois a fórmula para a cualificación final é:

$$(UD01 \times 0,2) + (UD02 \times 0,2) + (UD03 \times 0,1) + (UD04 \times 0,15) + (UD05 \times 0,35)$$

• Non haberá ningún tipo de limitación ou notas de corte, de tal modo que o alumnado que en aplicación da mesma obteña un resultado igual ou superior a 5 puntos sobre 10 estará aprobado.

#### ACLARACIÓNS

• 1. Dado que, normalmente, os contidos correspondentes ás UD1 e UD2 serán obxecto de avaliación ao longo do curso, parece conveniente tomar en conta as puntuacións obtidas para a cualificación final e non para as parciais. Lémbrese que este modo de elaborar a cualificación final non é máis ca unha posibilidade que simplifica moito a conformación das cualificacións dentro dunhas fórmulas precisas.

• 2. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.

• 3. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.<sup>ª</sup> avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.

• 4. Dado que as cualificacións das avaliacións virán conformadas polos logros acadados no tratamento dos contidos lingüísticos e tendo en conta que estes contidos son de avaliación progresiva é moito importante a aplicación do principio de prevalencia da cualificación posterior sobre a anterior. Así, se unha alumna, por exemplo, na 1.<sup>ª</sup> avaliación obtén unha cualificación de 5,25 e na 2.<sup>ª</sup> de 6,25, pasará a ter automaticamente 6,25 na 1.<sup>ª</sup>, dado que, de non ser así, a cualificación final non se conformaría sobre o que realmente sabe a alumna ao final de curso. Isto conleva que no caso de que a cualificación obtida na 3.<sup>ª</sup> avaliación sexa superior ás das dúas anteriores, será

esta a única que se teña en conta á hora de facer as medias para a cualificación final.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- 1. Probas escritas.
  - As probas escritas hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen.
  - Normalmente haberá dúas probas por avaliación. Neste caso a fórmula a aplicar será a seguinte:
    - $((\text{Cualif. 1.ª proba}) + ((\text{Cualif. 2.ª proba}) \times 2)) / 3$
    - En tanto que nas probas de avaliación o que se avalían son contidos lingüísticos, hase aplicar sempre o principio de prevalencia da última cualificación sobre as anteriores, sempre que isto favoreza ao alumnado.
- 2. Táboa de indicadores.
  - As variedades máis usadas serán a rúbrica e a lista de cotexo.

## Cráterios de recuperación:

- 1.ª e 2.ª avaliacións. O alumnado que non chegue ao 5 na 1.ª e/ou 2.ª avaliación non fará ningunha proba específica de recuperación, xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva.
- 3ª avaliación. O alumnado que suspenda a 3.ª avaliación e que previsiblemente por esta causa non poida aprobar a materia na convocatoria ordinaria, terá unha proba extraordinaria de recuperación consistente nunha proba semellante ás realizadas para avaliar a 3ª avaliación.
  - Recuperación da UD1 e UD2. O alumnado que non obteña unha cualificación de 5 ou superior de media na avaliación dos contidos correspondentes, terá dereito a unha proba de recuperación.
  - Recuperación de graza. O alumnado que en aplicación da fórmula non obteña un 5, terá a oportunidade de aprobar a materia mediante a realización dunha proba global seguindo o modelo dunha proba de ABAU e cualificada segundo os criterios de aplicación da mesma.

## Avaliación extraordinaria.

- A avaliación extraordinaria tentará ser, en todo caso, selectiva, isto é, avaliar cada persoa discente daquelas partes do programa que impiden que chegue ao 5 na aplicación da fórmula de cualificación final. Así pois, emitida a cualificación final de curso, cada persoa discente que non superase a materia recibirá un informe individualizado no que se especifique os contidos a recuperar. A cualificación final, así pois, será o resultado da aplicación da fórmula da avaliación final coas modificacións correspondentes.
  - En todo caso, en tanto que avaliación extraordinaria, o alumnado ten dereito a unha proba global da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10. A alumnado que así o manifeste, poderá optar a este tipo de proba e, por tanto, a cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso. Neste caso a proba final será semellante á "recuperación de graza" que se expuxo anteriormente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X

### Observacións:

1. A comprensión de lectura e máis a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, na que se procura a comprensión de textos mediante a lectura e a demostración desta comprensión mediante a súa tradución. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A comunicación audiovisual será traballada en todas as UD.
3. A competencia dixital será traballada a través da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
4. O fomento do espírito crítico e científico, etc. serán tidos en conta á hora de traballar na aula durante todo o curso, dado que son aspectos que se deben ver reflectidos no trato diario e no tratamento de todos os aspectos da actualidade que se integran no labor cotián da aula.
5. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico en relación coa UD1.
6. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións da persoa discente.
7. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
8. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.
9. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana nalgunha das sedes deste festival.			
Viaxe de estudos a Italia.	Viaxe organizada pola SEEC-Galicia			

### Observacións:

- A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade angular da materia, dado que en función destas representacións hanse marcar as lecturas do curso. Temporalización: mes de febreiro - marzo, en función das obras e sede que se escollan.
- Viaxe de estudos a Italia. Organizado pola SEEC-Galicia, adoita ter lugar durante a semana de Entroido, para evitar así a perda de días lectivos.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

### Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso,

tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co departamento de orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### **1. Procedemento de seguimento.**

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

### **2. Procedemento de avaliación.**

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

## **9. Outros apartados**

## **1. Clube de lectura.**

Un aspecto básico da tradición clásica está conformado polas obras literarias que ao longo de máis de dous milleiros de anos serven de referente e modelo a todas as literaturas occidentais desenvolvidas posteriormente. Así pois, unha iniciativa conxunta dos departamentos de Latín e Grego é a posta en marcha dun clube de lectura destinado principalmente ao alumnado, mais sen descartar a participación de profesorado e ourtros membros da comunidade educativa.

Este clube de lectura proporía a lectura dunha obra completa clásica ou fragmentos concretos para cada trimestre e reuniríase dúas veces ao mes, os martes de 15:30 a 16:30, co obxectivo de ler en voz alta e comentar fragmentos concretos.